

REPÚBLICA MUSICAL



**IN ROCK
WE TRUST**

MARDI GRAS

#CORUNAREPUBLICAMUSICAL

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020-2021

Presentación

A Asociación Cultural República Musical Mardi Gras, entidade de ámbito autonómico, nace en A Coruña de xeito oficial o 4 de xullo de 2020, en plena pandemia mundial da Covid19. Os obxectivos da asociación son amplos, sempre relacionados con todo o que é a música e as artes conexas coa mesma dalgún xeito. Eses obxectivos están recollidos no artigo 5 dos Estatutos da Asociación.

Cinco son as persoas que asinan a Acta Constitucional e levan a cabo as tarefas burocráticas precisas para que unha vez que a Asociación se presente públicamente a maquinaria funcione. O 16 de novembro de 2020 coincide co día de aniversario da sala de concertos da Coruña da que toma o nome.

O primeiro obxectivo consiste en poder colaborar economicamente coas salas de concertos que se consideran na asociación un eslabón fundamental en calquera carreira musical. En pouco máis de un mes e medio asóciáanse 428 persoas. Con esa cifra finaliza o 2020.

Con esa importante masa social e un significativo impacto nos medios de comunicación bótase a andar este proxecto ambicioso e con vontade de durar no tempo, colaborando a mellorar diversos aspectos da cultura musical en Galicia.

O ano 2021, momento do peche desta publicación, o número de persoas asociadas é de 440 sumando novas altas e restando baixas, ou falta de pagamento da cuota por diversos motivos. O último carnet entregado ten o número 541.

Actividades da República 2020 2021

Ano 2020

- 1. Captación de persoas socias**
- 2. Aportacións a salas de concertos**
- 3. Nomeamento do Jazz Filloa socio de honra**

Ano 2021

- 1. Captación de persoas socias. Oferta fin de ano.**
- 2. Lanzamento do CD "República Musical Mardi Gras".Vol 1**
- 3. Convocatoria do 1º Concurso de Relatos Breves**
- 4. Camisetas Exclusivas para persoas socias**
- 5. Actividades formativas. MasterClasses.**
- 6. Ciclo de proxeccións**
- 7. Convocatoria 1º Concurso de fotografías de concertos**
- 8. Creación do Fondo de Anticipos Republicanos F.A.R.**
- 9. Organización e colaboración con concertos**
- 10. Reivindicación do recoñecemento das salas de concertos como espazos de interés cultural e turístico**
- 11. Organización interna da asociación e Asemblea virtual**
- 12. Xestión de Redes sociais e Grupos de difusión e correo.**
- 13. Creación do Censo Profesional para persoas da República**
- 14. Adquisición de "backline" para concertos**
- 15. A República nos Medios de comunicación**

Actividades 2020

En 2020, ademáis do proceso constitutivo, trámites burocráticos e presentación pública da asociación, consideramos relevantes tres actividades concretas.



1. Captación de persoas socias

Toda asociación depende en gran parte da aceptación social que teña a proposta coa que se da a coñecer. A República Musical Mardi Gras lanza o 16 de novembro de 2020 unha campaña para captar socias e socios a través de notas de prensa e redes sociais, apoiada pola Sala Mardi Gras que con máis de 20 anos de vida conta con moitas persoas seguidoras.



Imaxe do carnet que se amosou en redes para animar á xente a asociarse



O primeiro cartaz co que se da a coñecer a República nas rúas da Coruña e en redes sociais.

Durante a campaña ofrécese tamén a posibilidade de que o carnet sexa un agasallo para unha terceira persoa.

Ao cabo de 45 días de vida a República logra chegar a 428 persoas socias, e 14 carnets de regalo. Total 442 persoas.

MARDI GRAS

**REPUBLICA
MUSICAL**



**IN ROCK
WE TRUST**



**ENVIA EMAIL A ACREPUBLICAMARDIGRAS@GMAIL.COM
ASUNTO: REGALAR CARNET**

Esta é a imaxe promocional desa campaña de captación.

2. Aportación a salas de concertos

O compromiso adquirido públicamente era que dos 20 euros que aportase cada persoa ao asociarse (ou máis quen así o desexase) íanse repartir entre as salas de concertos da Coruña que se uniran previamente na campaña #Apoyatusala e que permanecían pechadas tras moitos meses de inactividade.

Eran o Jazz Filloa, Bâbâ Bar, Garufa Club e Sala Mardi Gras.

Recibiron dúas aportacións a repartir de xeito equitativo entre todas. A primeira delas foi o día 1 de decembro de 2020 na coñecida como Finca dos Mariño no Paseo Marítimo. O presidente da asociación entregou un cheque simbólico dos cartos que recibiron en realidade que foron 2500 euros. Lamentablemente, chegouse tarde coa aportación para o Bâbâ Bar que anunciara definitivamente o seu peche o 17 de outubro cando xa as débedas eran moi elevadas tras meses sen ningún tipo de ingreso.



Responsables de Garufa, Mardi Gras, Filloa e Bâbâ Bar co presidente Nino García

3. Nomeamento do Jazz Filloa socio de honra

O Jazz Filloa cumpría 40 anos de vida na Rúa Cega da zona do Orzán Coruñés en decembro de 2020. Ninguén semellaba disposto a ofrecerlle a homenaxe que merecen Antonio e Alberto por todo o aportado musicalmente a esta cidade con miles e miles de concertos de jazz e manterse fieis ao seu espírito dende o primeiro día.

Aproveitando a segunda aportación económica ás salas de concertos por importe de 1900 euros, celebrouse no propio local a entrega do carnet de Socio de Honra da República Musical Mardi Gras ao Jazz Filloa.

Asistiron compañeiros das outras salas de concertos así como socias e directivas da República.





Jaume de Mardi Gras, Antonio e Alberto do Filloa, Pepe Doré do Garufa, Cristina Toba do Bâbâ Bar e Nino García da República Mardi Gras

Foi o último acto da asociación en 2020, exactamente o día 29 de decembro de 2020.

ANO 2021. MEMORIA DE ACTIVIDADES

É importante sinalar que en 2021 continúa a pandemia provocando unha grande dificultado para todo o sector da música en directo. As salas de concertos, na súa grande maioría estiveron pechadas durante meses, regresando á actividade con aforo reducido entre setembro e outubro.

Isto condicionou a actividade da nosa asociación que considera as Salas de concertos o seu habitat natural.


A entidade recibiu dúas subvencións da Deputación da Coruña, para actividades e para investimentos, así como un convenio para o ciclo de actividades denominado #CoruñaRepúblicaMusical co Concello de A Coruña.

Estas foron as accións e actividades levadas a cabo pola asociación en 2021.

1. Captación de persoas socias. Oferta fin de ano.

Debido ao éxito acadados nos primeiros meses de vida da asociación, decídese facer un traballo de captación a través de imaxes impresas e campañas en redes sociais para captar novas persoas que aporten e se beneficien de formar parte da República Mardi Gras.

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro son exactamente 107 as persoas que deciden sumarse á asociación.



SÚMATE

**Á REPÚBLICA
ROCKEIRA
ASÓCIATE**

A.C. REPÚBLICA MARDI GRAS

CONVERTINDO ROCKEIROS DENE A PRIMEIRA SESIÓN

SUBVENCIONA



**Deputación
DA CORUÑA**



Imaxes de dous iconos da música empregadas para captar persoas asociadas

Durante os últimos quince días de 2021 lánzase unha última campaña cunha oferta na que se regala o CD editado pola República as novas persoas que se asocien, ademáis de non ter que pagar nada ata 2023. A cuota que se ingresa é válida polos últimos días de 2021 e todo o 2022.

A Xunta Directiva ten previsto presentar unha proposta na Asemblea xeral de 2022 dirixida a captar a xente moza. A media de idade da asociación é alta e consideramos imporante que se incorporen menores de 30 anos. A oferta será que teñan que pagar so 10 euros en 2022, a cuota de inscrición e que teñan bonificada a cuota anual ao 50% (pagarían a metade que o resto) ata o ano no que cumplan os 31 anos.

2. Lanzamento do CD “República Musical Mardi Gras”.Vol 1

Como primeira actividade de 2021 fíxose un chamamento dentro da asociación sabedores de que hai moitas persoas que pertencen a bandas ou son solistas. Que se enviasen temas orixinais para incorporar a un CD que se vendería co obxectivo de incorporar fondos a outro dos proxectos da asociación do que falaremos máis adiante, o F.A.R.

En pouco tempo recibíronse máis de 25 cancións. Para elixir as 20 que formarían parte do disco utilizouse un criterio obxectivo que foi descartar as máis antigas en canto a data de publicación.

A continuación houbo un grupo de persoas voluntarias que se ofreceron a elixir a orde na que soarían as cancións do CD. Foi un traballo intenso xa que non é nada doado. Un socio, Hugh McGuinley, responsable da empresa Microrec, foi o responsable de realizar a copia máster que se enviou a fábrica.

Contratouse a un deseñador gráfico tamén socio, Isaac Peces, para elaborar todo deseño do disco. E este foi o resultado.





Realizouse nos xardíns de Méndez Núñez un acto de entrega de Cds á xente responsable de que fose unha realidade o cd.



Isaac Peces o deseñador gráfico



La Banda del camión abren o disco coa canción "Arriba Coruña"

Moi importante para a nosa asociación foi o recoñecemento que se fixo de forma explícita no deseño do Cd de Jaime "Portobello" Manso, unha persoa fundamental na cultura musical da nosa cidade e máis alá dela. A presenza dos seus irmáns na presentación do Cd e un dos seus mellores amigos foi importante para a República Mardi Gras e para os músicos presentes.

Tamén se cita a Nonito Pereira no libreto do CD e o disco foille entregado ao seu fillo Nonito que tamén dende a Asociación Cultural que leva o seu nome está a realizar unha continuación da súa labor divulgativa sobre a música.



3. Convocatoria do 1º Concurso de Relatos Breves

A Asociación, ten coma un dos seus obxectivos a participación aberta da sociedade, non so das persoas socias, aínda que a estas segundas adica máis esforzos.

A convocatoria de concursos de diversas disciplinas artísticas, sempre que o eixo conductor sexa a música, é unha das propostas que consideramos que abren á República a todo o mundo que desexa participar. Por ese motivo decídese convocar un Concurso de Relatos Breves que teñan relación dalgún xeito cun concerto.

Así, o día 12 de xaneiro de 2021 convócase a primeira edición do **I Concurso Relatos Breves República Musical Mardi Gras** con tres parámetros simples: poden ser en galego ou en español, límite 450 palabras e ten que haber un concerto reflexado dalgún xeito non texto.

Os premios son de 250 para o relato gañador enviado por persoas socias. E de 150 para non socias.

Presentáronse un total de 41 obras orixinais. O xurado estivo composto por socias e socios, así como por relacionadas co mundo da música (varias delas tamén socias) como é o caso de Nonito Pereira (xornalista e promotor musical), Marian Ledesma (cantante e bibliotecaria), Yolanda Villa (xerente de sala de conciertos), Roberto L. Cagiao (escritor e guitarrista) e Cris Andina (fotógrafa).

A continuación compartimos as dúas obras gañadoras. Non se descarta facer algún tipo de publicación maquettata coas obras presentadas se as autoras e autores dan permiso para facelo.

Respetamos na memoria a tipografía usada polos autores dos textos.

Relato Premiado na categoría “non soci@s”

PORQUE TE VAS

Gabriel Otero, natural de Oleiros, A Coruña, padece el síndrome del oído musical. A sus setenta y cinco años, escucha una y otra vez la canción de Jeanette *Porque te vas*, que algunos acentúan indebidamente. Gabriel tiene problemas auditivos, y su cerebro lo consuela como José Luis Perales, el compositor del tema, le da a entender.

Un día, el hombre se despertó con la voz de Jeanette a su lado y, con la modorra, se dijo que era un tipo con suerte. Más tarde achacó el espejismo al radiocasete de los vecinos, pero la canción de marras sonaba a todas horas y Gabriel concluyó que no hay rebelde a quien el mundo haya hecho tan tenaz. La melodía no traspasaba las paredes, no, estaba alojada en su interior, habitaba en él y era tan concreta y fantasmal como la vida misma.

Su médico lo derivó al otorrino y este le desveló el misterio.

—Lo llamamos MES por sus siglas en inglés, *Musical ear syndrome*, y es una variante del *tinnitus*, solo que, en lugar de escuchar un zumbido, puede abordarle Herbert von Karajan con la *Quinta Sinfonía*. ¿Le gusta Beethoven?

—Sí que me gusta, pero a la que escuchó es a Jeanette.

—Y Jeanette, ¿le gusta? Es una chica bien maja, ¿no?

Saber que el 3% de la población carga con una orquesta en su oído le confortó. Era un bicho raro, pero no el último de su especie y, en efecto, Jeanette era una chica bien maja. Tampoco le hubiera importado hospedar a Marisol, pero la letra de *Porque te vas* era irresistible y, gracias a ese don, ya nunca se sentía solo ni se ponía a llorar, junto a la estación de tren de San Cristóbal, “igual que un niño”.

Tenía el vinilo de la artista en casa, pero ya no lo ponía nunca, ¡qué necesidad! A Beatriz le gustaba mucho, y, físicamente, se parecía a ella. Tenía el pelo largo y liso, los ojos grandes y una juventud urgente y plena, como la de aquella época. Mientras la aguja arponeaba los surcos de su imaginación, Gabriel exploró su discoteca y rescató la carátula.

—Te echo mucho de menos, Beatriz —le susurró a Jeanette, y acarició el disco, el logo de Hispavox arriba y, en el centro, un agujero enorme, igual que un pecho vacío.

Entonces, revoloteó en el aire la entrada de aquel concierto en la Chaston, en 1977. A Beatriz le gustaba la música en directo, a Gabriel menos. Ella debió de convencerle. Cuando las luces se apagaban, él se guiaba por su faro y, cuando se encendían, su faro seguía allí. Ya no estaba, pero nunca era de noche. Y ahora, encima, le cantaba.

Autor: Alberto de Frutos

Relato premiado na categoría "soci@s"

"Tonight we Fly"

Se cres que a música está moi alta, vas vella- Berrou Patri.

Todos riron, vintecinco anos dicindo o mesmo.

A quedada anual cos do instituto era coma volver a ser novos. E sempre remataba nun concerto. Xa falaran de cómo fora o ano, as familias e os traballos. Era o momento de bailar. Fran e Ana estaban bicándose coma todos os anos. Lois borracho coma sempre, Fran entrándolle a todas. E de súpeto a banda comezou tocar "Tonight we fly over the houses..." e comezaron a berrar, saltar e abrazarse. Hai vintecinco anos que era a súa canción. Cris chiscoulle o ollo. Sempre facían o mesmo, ían onde a banda e pedían que a tocasen.

"Over the doctor, over..." Entón fixouse en el. Un home da súa idade que tamén bailaba e cantaba feliz cun grupo de xente. El tamén ollaba para ela.

"This life is the best we've ever had..." Seguiron bailando. El ollábaa coma ninguén a ollara nunca; e ela nunca ollou a ninguén así. Sorríanse na distancia. Semellaba que se coñecían de sempre, bailaban coma se estivesen sós.

E a canción, a súa canción, rematou.

Patri dixo que marchaba e decidiu ir con ela. Apuraron o trago e despedíronse. Non volveu velo, non o buscou, non se volveu para saber onde estaba.

-Se cres que a música está moi alta, vas vella- Berraba Patri pola rúa-

Deixouna no seu portal e marchou á súa casa. Abriu a porta e foi ata o cuarto. A luz espertou a Andrés, que sorriu co seu sorriso bonito e sincero de sempre.

-Que tal o pasaches?- Bicáronse.

Foi ver aos nenos. Xoel durmía co seu osiño, Laura destapada coma sempre. Bicounos. Foise duchar e meteuse na cama. Andrés case estaba durmido, pasoulle o brazo por riba. Escoitaba a súa respiración, esa respiración que lle daba sosego e axudáballe a durmir. E pensou que tiña unha vida feliz que non cambiaría por nada.

Pero sabía que no concerto, se naquel preciso momento, se nese instante, ese home descoñecido lle dixese que marchase con el, deixaríao todo sen pensalo. marcharía para sempre. E durmiu mentres soaba na súa cabeza "What will we have missed..."

Mentres a tres kilometros en liña recta, a dez minutos en coche, a media hora andando, un home acababa de bicar aos seus fillos, estaba abrazabado a súa muller, convencido de que tiña unha vida feliz. Pero pensou que no concerto, se naquel preciso momento, se nese instante, esa muller descoñecida lle dixese que marchase con ela, deixaríao todo sen pensalo, marcharía para sempre. E antes de quedar durmido soou na súa cabeza "This life is the best we've ever had".

Autor: Carlos Ares

4. Camisetas exclusivas para persoas socias

Para unha asociación que leva pouco tempo viva, e que naceu en plena pandemia mundial, non resulta nada sinxelo provocar unha sensación de comunidade entre as moitísimas persoas que se asociaron entre 2020 e 2021.

Co obxectivo de facilitar que se recoñezan entre si cando se atopan nun concerto, ademáis de facer certa promoción da asociación, decidiuse lanzar unha camiseta corporativa.

O éxito da convocatoria foi moi alto. So se podían mercar con pedido previo, e isto deu como resultado unha primeira tanda de 253 camisetas e unha segunda de 62. Total de camisetas existentes na actualidade: 315. O máximo que podía pedir cada persoa era 2 camisetas.

Fíxose unha convocatoria de entrega das mesmas diante do Parque de Artilería, coa sala Mardi Gras ao fondo.



E pouco despois foron chegando imaxes dende diversos festivais galegas de socias e socios lucindo a súa camiseta:

Por cronoloxía, o primeiro onde se puideron ver foi no Festival Sinsal na Illa de San Simón





Tamén presentes no Festival Noroeste Estrella Galicia



E no MUMI en Toi, onde estaba Carlos Crespo, socio e propietario desa discoteca mobil que é La Duendeneta



5. ACTIVIDADES FORMATIVAS. MASTERCLASSES. OBRADOIROS.

A asociación ofreceu tres Masterclasses ou Obradoiros nas instalacións da sala Mardi Gras que por equipamento e acústica adáptase perfectamente para este formato.

Establecemos un límite de 20 persoas asistentes a cada evento e ata o de agora tivemos unha boa resposta. Houbo un cheo completo no terceiro obradoiro o de Técnica vocal impartido por Carmen Rey e case quince persoas nos adicados a

guitarra eléctrica impartido por Fernando Pardo, guitarrista madrileño con máis de 30 anos de traxectoria (Sex Museum, Los Coronas, Corizonas...) e tamén no de batería que ofreceu o coruñés Miguel Cabana, un recoñecidísimo batería en especial no mundo do jazz.

Cabe sinalar que o primeiro fíxose sen consultar previamente á xente, tratábase de aproveitar que o guitarrista actuaba ese día na cidade e había que atrapar esa oportunidade. No caso dos outros dous si que se enviou un formulario a toda a nosa masa social para solicitar a súa colaboración e que indicasen qué obradoiros lles resultaban máis interesantes e qué profesores consideraban idóneos. Entre as opcións máis demandadas saíron precisamente Carmen Rey, que ademáis é socia republicana e Miguel Cabana, que tamén decidiu dar o paso de asociarse tras comentar que xa tiña pensado facelo e que ademáis era veciño de Monte Alto de toda vida.

Compartimos imaxes das promocións realizadas dos eventos así como unha dos “profes” co alumnado da Masterclass.

OBRADOIRO DE SON DE GUITARRA
FERNANDO PARDO
(SEX MUSEUM, LOS CORONAS)
SALA MARDI GRAS, 6 DE NOVIEMBRE, DE 18 A 20 HORAS. 18€.

INSCRIPCIONES E INFO: acrepUBLICAmardigras@gmail.com

ORGANIZA
MARDI GRAS REPUBLICA MUSICA

SUBVENCIONA
Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

COLABORAN
Mardigras
BRISTOL



#CORUÑA REPÚBLICA MUSICAL
MASTERCLASS DE BATERÍA
MIGUEL CABANA

SALA MARDI GRAS. SÁBADO 18. 12 A 14 HORAS
PRAZAS LIMITADAS. 12€. DE BALDE PARA SOCI@S.
 + INFO: acrepublikamardigras@gmail.com

INSCRIPCIONS



ORGANIZA


SUBVENCIONA
 Ayuntamiento de A Coruña
 Concello de Coruña

COLABORA


FOTO ANDREA VC






MASTERCLASS DE TÉCNICA VOCAL

CARMEN REY

SALA MARDI GRAS. LUNS 27. 19 A 21 HORAS
PRAZAS LIMITADAS. ACTIVIDADE GRATUITA.

INSCRICIÓNS



ORGANIZA


SUBVENCIONA
 Deputación
 DA CORUÑA

COLABORA




Ante a boa aceptación deste concepto de Masterclasses, tentaremos seguir organizándoas con regularidade. A xente que aspira a mellorar na súa profesión, ten que escoitar e ver en directo a referentes con ampla traxectoria.

6. Ciclo de proxeccións


Durante os últimos días de 2021 coa axuda económica do convenio asinado co Concello da Coruña dentro do ciclo #CoruñaRepúblicaMusical ofrecimos dúas proxeccións con entrada gratuita abertas a toda a cidadanía.

A primeira delas foi na Sala Mardi Gras o vernes 17 de decembro. O documental "ANVIL. El sueño de una banda de rock". Ano 2008.

Trátase dun documental proposto tamén no formulario que se lles enviou ás persoas socias para obter a súa opinión sobre que lles gustaría que se proxectase.

Ainda así, podemos considerar un fracaso importante da convocatoria xa que so asistiron dúas persoas. Quizáis o día e a hora, venres tarde xusto no día de comezo para moita xente das vacacións do Nadal, non axudou.

O fracaso tería sido non telo tentado, pero tomamos boa nota para non cometer de novo o erro de programar algo que teña tan pouca aceptación.



Máis afluencia tivo a proxección pensada para un público familiar o xoves 23 de decembro na sala de audiovisuais do Museo Científico DOMUS. En total foron 40 persoas as que puideron disfrutar do visionado dun clásico do cine musical de animación como é o Yellow Submarine de The Beatles.

Máis de 50 anos despois da súa estrea en 1968 impresiona ver todo o que a tecnoloxía e a imaxinación da época foron capaces de realizar.



A sala de Audiovisuais da DOMUS preparada para a proxección de Yellow Submarine

7. I Concurso de Fotografías de concertos con teléfono mobil

A asociación decidiu apostar tamén pola fotografía no segundo concurso que convocaba na súa historia. Algo popular e no que case calquera persoa pode participar. So se precisa un mobil e ter asistido a concertos.

A convocatoria contaba coa axuda económica na difusión, non nos premios, do Convenio co Concello da Coruña. Decidiuse facer unha aposta importante economicamente e abrir a participación a toda a cidadanía.

O premio para persoas socias é de 250 euros e para non socias 150. O xurado estará composto por socias e socios, entre as que hai fotógrafos profesionais, e tamén dúas persoas non socias foto xornalistas.

Recibíronse 84 fotografías nesta primeira convocatoria. No momento de realizarse esta memoria estamos aínda en fase de votacións do xurado polo que será na Memoria 2022 cando podamos saber o nome das persoas gañadoras e tamén ver as imaxes que se levan os premios.

Con esta imaxe deuse a coñecer o concurso a través das redes sociais e de nota de prensa.



8. Creación do Fondo de Anticipos Republicanos F.A.R.

Este 2021 tamén serviu para a creación dunha ferramenta para axudar a profesionais do sector da música en momentos de dificultade económica. As veces non coincide o ritmo de ingresos cos pagos a asumir por calquera persoa. O Fondo de Anticipos Republicanos consiste precisamente niso, un fondo constituído a base de varios tipos de aportacións que está a disposición das persoas socias que teñen como actividade principal para os seus ingresos calquera das profesións do mundo da música.

Unha sinxela normativa, unha cantidade máxima (que podería ser incrementada de forma excepcional se así o decide a Xunta Directiva por un motivo xustificado) e sempre con garantías de devolución por traballos realizados por esa persoa profesional unha vez que logre cobrar as facturas que ten pendentes, en moitos casos con administracións que se retrasan no pagamento máis do pedido.

O resume das cifras do F.A.R. son as seguintes:

3.300 euros en aportacións de socias e socios recuperables, son préstamos temporais achegados ao FAR. O máximo que podía aportar unha persoa era 225€

800 euros aportados como donativo non recuperable por persoas socias.

1000 euros reservados de fondos da asociación para o seu uso no F.A.R.

1.230 euros de venta do 1º CD editado pola república e que se decidiron destinar íntegramente ao F.A.R. Dende o momento de lanzamento do CD ao 30 de setembro esta foi a cantidade recaudada.

Ao peche desta memoria recibíronse consultas sobre cómo solicitar fondos do F.A.R. pero non chegou a realizarse ningún préstamo, polo que o importe dispoñible a 31 de decembro é de 6.130 euros.

9. Organización e colaboración con concertos

Non podían faltar entre as actividades da República Musical Mardi Gras a organización directa ou colaboración na organización de concertos. Esta actividade foi complicada no 2021 polas restriccións que aínda se vivían nas salas de concertos que consideramos o noso habitat natural, o que non quere dicir que non esteamos presentes ou organicemos actuacións noutros espazos.

A maioría das salas pequenas retomaron a súa actividade no mes de outubro, aínda co público sentado. Pouco a pouco retomouse a normalidade e puidemos xa disfrutar de concertos co público en pé.

Os concertos cos que colaborou ou organizou a República Musical Mardi Gras durante o ano 2021 foron os seguintes:

EXIT - Sala Mardi Gras - día 30 de outubro




Por fin tivemos a ocasión de ver á banda residente na Sala Mardi Gras dende 2009 co público disfrutando sen cadeiras na sala. Compartimos un par de imaxes desa noite.



Sala Mardi Gras - The Dirty Denims - xoves 4 novembro

Colaboración co primeiro concerto internacional de 2021 na Sala Mardi Gras. Dentro do ciclo Elas Son Artistas chegaba a actuación da banda holandesa The Dirty Denims. As socias e socios tiveron desconto no prezo da entrada.





Colaboración co concerto de Pardo Bross.

Os irmáns madrileños Fernando e Miguel Pardo son a base sobre a que se fundou a banda Sex Museum. Con máis de 30 anos de traxectoria, cada aniversario de Mardi Gras visitaban en novembro A Coruña dende facía xa 4 anos. Ata que a pandemia o impediu en 2020. Aínda que non puido se coa banda completa, si se que puidemos velos e escoitalos en directo en versión dúo.

Mardigras
LIVE
MUSIC

SALA MARDI GRAS XXII ANIVERSARIO PRESENTA

PARDO BROS

MIGUEL PARDO & FERNANDO PARDO DE SEX MUSEUM



SABADO 6 DE NOVIEMBRE. 22:30 APERTURA 23:00 CONCIERTO ENTRADAS 12€ EN ENTRADIUM.COM
Y ENTRADASMARDIGRAS@GMAIL.COM. DESCUENTO PARA SOCIOS REPUBLICA MUSICAL MARDI GRAS

COLABORAN:



Foto Juan Pérez Falcáez



Ciclo de 3 actuacións musicais dentro do proxecto #CoruñaRepúblicaMusical

Estas tres actuacións contaban coa axuda económica do concello da Coruña e fixéronse en 3 das salas máis emblemáticas e lonxevas da cidade da Coruña. Foron as seguintes:

3 de decembro - EXIT - Sala Mardi Gras

22 de decembro - F.I.L.O. - Jazz Filloa

26 de decembro - Mamen Bazarra e Amizades - Garufa Club

Todas actuacións de artistas locais e de estilos moi diversos. Partimos do rock clásico dos EXIT, pasamos polo jazz improvisado e eléctrico de F.I.L.O e rematamos coa canción de autor e de fusión de Mamen Bazarra e Amizades.

Compartimos a continuación a imaxe promocional dos tres eventos para que se observe a coerencia con toda a difusión realizada do ciclo de actividades denominadas #CoruñaRepúblicaMusical.

#CORUÑA REPÚBLICA MUSICAL EXIT

SALA MARDI GRAS, VENRES 3 DECEMBRO. APERTURA 22:00. CONCERTO 22:45.



ORGANIZA



SUBVENCIONA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de Coruña

COLABORA



#CORUÑA REPÚBLICA MUSICAL

MÉRCORES 22 DE DECEMBRO. JAZZ FILOA. PASES 22 E 23 HORAS.
AFORO MOI LIMITADO. PÚBLICO 10€, SOCI@S 5€.

PABLO REGA - SAÚL PUGA - L.A.R. LEGIDO

FILO

FREE IMPROVISED LOUD OBJECTIVE



ORGANIZA



SUBVENCIONA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de Coruña

COLABORA





Compartimos tamén imaxes dos tres concertos no momento do directo. Todo un privilexio poder contar con salas de concertos especializadas e con bo equipamento e acústica na nosa cidade. Algo que non debemos esquecer nunca.





Como curiosidade, consideramos interesante compartir esta fotografía tomada na porta do Teatro Principal de Ourense tras o concerto da banda norteamericana Cracker. Aínda que non foi unha iniciativa da República pero si que pode darnos unha información interesante sobre a posibilidade que sinalan os nosos estatutos de organizar viaxes a concertos e posibilitar así un aforro económico, ademais de un menor impacto ecolóxico dos desplazamentos, e fomentar as relacións humanas, por suposto. Case todas as persoas da foto son

socias e socios da República que viaxaron dende a nosa cidade ou arredores ata Ourense para esa cita musical. Varias delas levando a súa camiseta da República.



10. Reivindicación do recoñecemento das salas de concertos como espazos de interés cultural e turístico

MARDI GRAS **REPUBLICA MUSICAL**

**DECLARACIÓN DAS SALAS DE CONCERTOS
ESPAZOS DE INTERÉS CULTURAL E TURÍSTICO
DA CIDADE DA CORUÑA.**

#ACULTURAÉNECESARIA

Coa absoluta convicción de que a cidade da Coruña recoñeza a inxente e importantísima labor cultural das Salas de Concertos, así como a súa aportación

turística polo movemento de persoas, tanto asistentes a concertos como artistas que xeneran as salas de concertos ao longo do ano, sumámonos a unha reivindicación da Asociación Galega de Salas privadas de Música ao Vivo Clubtura.

Encargamos a pancarta que se ve na imaxe previa e sacámolo cando consideramos que o acto así o aconsella. Polo de agora, estivo en dous actos.

O primeiro cando se fixo a presentación do Cd da República en Méndez Núñez



A segunda ocasión foi a da actuación da artista Silvia Penide na Sala Mardi Gras que xunto aos seus músicos Carla López e Paul Álvarez, ademáis do artista que abría a velada, o hispano arxentino Luga Fernández tamén se sumaron a esta reivindicación dun custe mínimo ou inexistente para a cidade pero de moita relevancia simbólica tras dous anos de sufrimento e pandemia.



11. Organización interna da asociación e Asemblea virtual

A Asociación foi constituída nun momento da historia no que a xuntanza de moitas persoas nun espazo pechado durante un tempo prolongado non é recomendable.

Levar a cabo calquera actividade colectiva resulta complicado, máis aínda cando moita xente non se coñece e estamos a falar dun colectivo que supera as 500 persoas inscritas.

No mes de Maio convócase a primeira Asemblea Xeral de Socias e socios tal como marcan os estatutos.

Así era a convocatoria que foi levada a cabo a través de vídeoconferencia coa posibilidade de enviar un voto delegado a outra persoa socia para quen non puidese asistir.

CONVOCATORIA DA ASAMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CULTURAL REPÚBLICA MUSICAL MARDI GRAS

De acordo co previsto no art. 19 dos Estatutos da Asociación Cultural República Musical Mardi Gras, o

presidente convoca a Asamblea xeral ordinaria cos seguintes datos:

- Primeira convocatoria

Data: xoves 13 de maio de 2021.

Hora inicio: 19:15 h.

Hora fin: 20:30

Modo: videoconferencia (enviarase sistema de conexión con antelación)

En caso de que non haxa o quorum suficiente na primeira convocatoria

- Segunda convocatoria

Data: xoves 13 de maio de 2021.

Hora inicio: 19:30 h.

Hora fin: 20:45

Modo: videoconferencia (enviarase sistema de conexión con antelación)

MOI IMPORTANTE: Para poder asistir debe enviarse un correo electrónico a acrepublikamardigras@gmail.com antes das 19:00 horas do martes 11 de maio.

- Orde do día

1.- Exame do informe sobre a memoria de actividades e, no seu caso, aprobación da xestión efectuada pola Xunta directiva.

2.- Exame e, no seu caso, aprobación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2020.

3.- Exame e, no seu caso, aprobación do plan de actuacións e do orzamento para o ano 2021.

4.- Ratificación do importe da cuota social para o ano 2021 e debate e, no seu caso, aprobación do importe da cuota social para o ano 2022.

5.- Peticións e preguntas.

Por outra banda, está a distribución de tarefas e organización interna. Se ben nun primeiro momento debe asumila a Xunta Directiva, o ideal é que se establezan estruturas internas horizontais e democráticas que permitan o traballo colectivo e a participación de todas as persoas que así o desexen no día a día da asociación.

Con este motivo propuxéronse a creación das seguintes Coordinadoras que traballarán de forma permanente:

1. *Atención de Persoas Socias e comunicación*
2. *Formación e Divulgación*

3. *Co-Promoción de concertos*
4. *Actividades Diversas*
5. *F.A.R. O Fondo de Anticipos Republicanos* tamén debe ser atendido de xeito permanente.

A resposta para participar nas coordinadoras foi de 15 socias e socios. Confiamos en que por fin sexa posible en 2022 poñelas en marcha cunha estrutura mínima e unha coordinación interna, además de dotalas de orzamento propio unha vez que se aprobe o Orzamento da Asociación en 2022.

Por último existe outra figura na organización: O Grupo de Traballo. Este está pensado para unha actividade ou acción puntual que dure un tempo concreto e que esté supervisada por unha Coordinadora.

Por citar un Exemplo de *Grupo de Traballo*: Organización dunha festa por San Xoan con diversas accións. A Coordinadora encargada da mesma será a de Actividades Diversas pero pode precisar axuda durante un tempo e aí é onde aparece o Grupo de traballo "Festa de San Xoan" que pode durar dende que se comeza a organización do evento ata que rematan, uns días despois, todas as tarefas asociadas ao mesmo.

16. Xestión de Redes sociais e Grupos de difusión e correo. Páxina web.

É evidente que hoxe en día todo grupo humano ou organización colectiva precisa diversos sistemas para estar conectado e facer partícipes das suas actividades ao resto da sociedade.

No caso da nosa asociación temos na actualidade cinco sistemas diferentes para contactar, en primeiro lugar coas persoas asociadas e a continuación co resto da sociedade na que tentamos dar a coñecer á asociación.

Son os seguintes:

Grupos exclusivos para persoas socias

Google Groups. Sistema de envío de correos electrónicos a gran escala que permite cun so correo chegar a todas as persoas da asociación excepto aquelas que pediron non recibir correos. Son na actualidade 481 as persoas no noso GoogleGroups

Grupos de Difusión de Whatsapp. A asociación dispón do teléfono mobil 644205069 dende o que se envía información a través de 2 grupos de difusión xa que o límite deste sistema é de 256 persoas por grupo.

Temos un con esas 256 persoas e un segundo de 66 persoas. O resto solicitaron non recibir información por whatsapp.

Grupo privado en Facebook. Exclusivo para persoas socias que interactúan a través do mesmo. Ten na actualidade 93 persoas.

Páxina de Facebook

<https://www.facebook.com/AC-Rep%C3%BAblica-Musical-Mardi-Gras-102081098377359>

Polo de agora, seguida por 618 persoas

Perfil de Instagram

<https://www.instagram.com/republicamusicalmardigras/?hl=es>

Conta con 395 seguidores tras 64 publicacións

No 2022 contamos con ter perfil de Twitter e tamén canle en Youtube.

Estase a finalizar tamén os detalles da páxina web da asociación accesible dende dúas direccións .org e gal

[Web oficial da asociación en construción](#)

Esta web foi creada grazas a unha subvención da Área de Cultura da Deputación da Coruña. Esta é a imaxe que así o acredita na propia web



17. Creación do Censo Profesional para persoas da República

A nosa asociación tamén desexa colaborar en actividades formativas e axudando a lograr contratacións directas en caso de ser posible coas persoas relacionadas dal xeito co mundo da música e das artes.

Por ese motivo no mes de setembro de 2021 creouse un censo de profesionais dentro da asociación. Estas eran as categorías e outros detalles do mesmo:

CATEGORÍAS DO CENSO

- 1.- Solista musical
- 2.- Banda
- 3.-Mánager/axente/booker
- 4- Sala de concertos
- 5 - Compositor(a)
- 6 - Selo discográfico
- 7.- Fotografía musical
- 8.- Deseño gráfico / Ilustrador(a)
- 9.- Estudio de gravación
- 10.- Locais de ensaio
- 11.- Creador(a) audiovisual (clips, documentales, directos...)
- 12.- Creador(a) de páxinas web
- 13.- Comunicación e redes sociais
- 14.- Organización de eventos
- 15.- Técnica/o de sonido /(con ou sen equipo propio, indicalo)
- 16.- Road mánager (con ou sen furgoneta, indícao)
- 17.- Xornalista musical (en cualquier medio)
- 18.- Escearios e tarimas. Técnico/a de montaxe
- 19.- Docencia musical de algún tipo
- 20.- Editora musical
- 21.- Tenda de instrumentos
- 22.- Aluguer de material de sonido (backline, equipos de son)
- 23.- Técnica/o de iluminación
- 24.- Producción/rexiduría
- 25.- Distribuidora musical (online e física)
- 26.- Merchanding / serigrafía

27.- BANDAS NON PROFESIONALES

- 28.- Aficionadas de calquera das categorías da 1 á 25

Outras disciplinas artísticas:

- 28.- Actriz/actor
- 29.- Escritor/a
- 30.- Danza
- 31.- Artes plásticas
- 32.- Videoxogos
- 33.- Fotografía
- 34.- Outras actividades creativas

14. Adquisición de “backline” para concertos

Grazas á convocatoria anual para adquisición de bens inventariables que ofrece a Área de Cultura da Deputación da Coruña, a nosa República adquiriu “backline” que consideramos pode ser moi útil para diversas funcións:


- Prestar a bandas da República que o podan precisar nun momento determinado por avería ou rotura do que teñan en propiedade.
- Prestar a bandas que veñan a actuar a Galicia e teñan dificultades para traelo todo na súa viaxe, en especial en eventos organizados pola nosa asociación.
- Prestar ás Salas de concertos que os podan precisar nun momento determinado para lograr pechar unha actuación con maior facilidade ao poder ofrecerllo a unha banda que ven de fora.

O material adquirido na tenda de instrumentos Rock Box é o seguinte:

Set de batería TAMA SUPERSTAR CL 5PC SHELL KIT + HW CK50R+H-DRP
Fundas para a batería TAMA SET FUNDAS BATERIA 22,16,12,10+14
Tres micrófonos SHURE SM58 LC
Tres pes de micrófono de xirafa
Tres cables XLR-XLR de 10 metros de lonxitude
Amplificador de guitarra V&R FENDER SUPERSONIC 22 HEAD+ 212

Compartimos a continuación fotografías do material adquirido:





15. A República nos medios de comunicación

Para rematar a memoria, compartimos tamén ligazóns ás diversas novas que os Medios de Comunicación, incluso a nivel estatal compartiron sobre as nosas actividades:

https://cadenaser.com/emisora/2020/11/17/radio_coruna/1605612977_787037.html

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/11/17/mardi-gras-republica-musica-24644278.html>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/la-sala-mardi-gras-de-a-coruna-crea-una-asociacion-para-salvar-la-musica-en-directo>

<https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2458056/republica-mardi-gras-nace-buscar-alternativas-salven-cultura-musical>

https://www.antena3.com/noticias/economia/sala-mardi-gras-coruna-crea-asociacion-cultural-tratar-salvar-musica-directo-frente-coronavirus_202011195fb68bed483f9e0001258d6b.html

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2020/12/01/ciclo-conciertos-streaming-apoyar-salas-coruna/00031606831824943709179.htm>

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/2183366/iniciativa-solidaria-recaba-ayuda-salas-conciertos-coruna-piden-apoyo-administraciones>

<http://empuje.net/operacion-salvar-mardi-gras/>

<https://21noticias.com/2020/12/la-asociacion-cultural-republica-musical-mardi-gras-nombra-socio-de-honor-al-jazz-filloa-con-motivo-de-su-40-aniversario/>

<https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2327430/iniciativa-solidaria-recaba-ayuda-salas-conciertos-coruna-piden-apoyo-administraciones>

<https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2503849/republica-mardi-gras-suma-casi-500-socios-planea-nuevas-aportaciones-economicas-sector>

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2021/01/16/asociacion-cultural-republica-musical-mardi-28856666.html>

<https://21noticias.com/2021/02/la-asociacion-republica-musical-mardi-gras-3-meses-y-495-socios/>

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2021/12/15/republica-musical-mardi-gras-despide-60678882.html>

<https://21noticias.com/tag/asociacion-republica-musical-mardi-gras/>

<http://empuje.net/a-c-republica-musical-mardi-gras-convertindo-rockeiros-dende-a-pri-meira-sesion/>

O programa “Hoy empieza todo de Radio 3” tamén acolleu unha entrevista coa nosa República na súa visita a Estudios Mans no Polígono de Pocomaco.



Memoria finalizada a día 23 de xaneiro de 2022

Contacto acrepublikamardigras@gmail.com

